

BANDO

O Alcalde-Presidente do Concello de
VALDOVIÑO

LIMPEZA DE FINCAS

FAI SABER:

A Xunta de Galicia a través da Lei de Montes de Galicia e a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento establecen, entre outras circunstancias, os criterios para a **xestión da biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros:**

- Desde o límite do solo urbano, de núcleo rural e vivendas illadas.
- Ademais das distancias a pistas e estradas e outro tipo de edificacións e equipamentos

A mesma Lei establece que as persoas propietarias de terreos e soares do termo municipal de Valdoviño, teñen a obriga da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, de ser o caso, a **retirada de especies arbóreas, antes do 31 de maio de cada ano.**

Requiríese aos propietarios que procedan á **retirada de ramas de árbores, peches de xardín ou calquera outra vexetación que invada a vía pública** para garantir a accesibilidade dos viandantes e a seguridade vial.

En caso de incumprimento, procederá a adoptar as medidas que fai referencia a normativa vixente, coas multas coercitivas e sancións que estableza.

Porén polo ben de todo o noso Concello respetémonos e cumpramos a Lei, manteñamos limpas as parcelas.

En Valdoviño, a 10 de maio de 2021

Asdo. O Alcalde.

Alberto González Fernández

